



CONCELLO DE VIGO

ACORDOS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE 10 PRAZAS DE BOMBEIRO DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO 2014, 2015 E 2016 DO CONCELLO DE VIGO SOBRE ALEGACIÓNS AO SEGUNDO EXERCICIO-PROBAS DE APTITUDE FÍSICA, E ACCESO AO EXPEDIENTE.

O Órgano de Selección en sesión de 29 de novembro de 2018 adoptou os seguintes **acordos**:

En primeiro lugar o presidente informa sobre un erro na cronometraxe da **Proba: 100 m lisos**. Nesta proba organizáronse catro quendas, na primeira quenda como se recolle na acta de 30 de novembro de 2018 correron os aspirantes cos seguintes dorsais:

- calle 3 - dorsal 371
- calle 4 - dorsal 4
- calle 5 - dorsal 9
- calle 6 - dorsal 17
- calle 7 - dorsal 26
- calle 8 - dorsal 34

Nos resultados entregados a este tribunal pola Delegación do Comité de Xuíces Galegos da Delegación de Vigo da Federación Galega de Atletismo detectase un erro por canto se recolle que pola calle 7 corre o dorsal número 34 e pola calle 8 corre o dorsal número 26. Consultadas as posicións dos opositores anotadas pola secretaria do tribunal e polo vogal José Luis Fernández Cabaleiro, así como, a fotografía da chegada a meta desta primeira quenda obtida polo sistema Foto Finish, compróbase que o corredor da calle 7 é o dorsal número 26, Santiago Rubén Arnejo Casanova, que chegou en terceiro lugar cun tempo de 12.36, e o corredor da calle 8 é o dorsal número 34, Marcos Barros Alfonso, que chegou en sexto lugar cun tempo de 12.67. asignando a cada un destes corredores o tempo que lle corresponde ao outro.

Nesta sesión o tribunal solicita a Marcos Barros Alfonso que asista para explicarlle persoalmente este erro, o citado opositor comparece neste acto e se lle mostra a referida foto do sistema Foto Finish para que comprobe el mesmo o erro na asignación das calles e dos tempos da carreira no resultado sinalado pola Federación de Atletismo e publicados na páxina web en data 03-12-2018.

En consecuencia o órgano de selección acorda corrixir este erro asignando a cada opositor o tempo e a puntuación que lle corresponde:

- Dorsal número 26, Santiago Rubén Arnejo Casanova: tempo: 12.36, puntuación: 6 puntos.
- Dorsal número 34, Marcos Barros Alfonso: tempo: 12.67, puntuación: 4 puntos.





CONCELLO DE VIGO

A seguir o órgano de selección procede ao exame das alegacións presentadas:

1.- Alegacións á primeira parte do segundo exercicio, probas de aptitude física realizadas o 29 de novembro no Pavillón Municipal do Carne.

David Carballa Currás (doc 180192041, 180192586), Dino Faraldo Mouriño (doc 180192047, 180192047), Santiago R. Arnejo Casanova (doc 180192044, 180193664), Mario Vila Pérez (doc 180192050, 180192517), Aitor Mouriño Cabaleiro (doc 180192037, 180192580), Fernando Martínez Cantabrana (doc 180192040, 180192585) e Xoan López Rodríguez (doc 180192038)

Solicitan a anulación e repetición do segundo exercicio, probas de aptitude física alegando que se vulneraron os dereitos recollidos nos artigos 9 e 14 da Constitución en base as seguintes irregularidades: diferente criterio de examinar a uns opositores e a outros; diferentes instrucións a hora de realizar as probas por parte dos examinadores; obstáculos como cinta americana en metade da corda; esixir a realización da proba non acorde as base esixindo a suspensión ao inicio da corda; imposibilitar comunicación co presidente do tribunal, así como “amenazas de no reflejar nuestra quejas en el acta”. Por outra parte, alegan unha situación de tensión por existir coaccións, presións, pancartas, pola que se sentiron intimidados, afectando isto ao resultado da proba. Algúns manifestan que foron grabados polos asistentes.

David Carballa Curras.(doc. 180194856), Aitor Mouriño Cabaleiro (doc. 180194858) e Fernando Martínez Cantabrana (doc. 180194815)

Presentan novos escritos de alegación nos que volven solicitar que se lles permita a realización da primeira parte das probas físicas e amais de reiterar as alegacións feitas nos escritos anteriormente referidos, alegan que non se esixe o mesmo nivel a todos os aspirantes a hora de subir a corda e ao cruzar a escaleira. Que se lles esixe partir coas dúas mans colocadas no primeiro chanzo mentres que a outros se lle permite saír cunha man no primeiro chanzo e outra no segundo, (achegan fotos), e que nas dominadas permitiuse o balanceo.

Por outra parte, manifestan que tanto certos aspirantes coma o tribunal cualificador séntense amedrentados e condicionados a unha maior esixencia para certos aspirantes, e elo en base a participación agresiva dun amplo grupo de opositores e bombeiros que veñen ameazando e amedrentando a opositores en redes sociais e aplicacións de mensaxeira, actitudes que poden ser incluso constitutivas de delito, e que isto altera a igualdade entre opositores.

Abrahan Sánchez Franco (doc. 180194000)

Alega que na proba da corda tivo que estar en suspensión antes de empezar a proba. Así mesmo, alega que na escaleira o mantiveron en suspensión durante





CONCELLO DE VIGO

uns segundos e que cando levaba feitas 12 flexións, tras soltarse da escaleira, un membro do tribunal indicoulle que levaba 6. Non estando de acordo. Solicitando se lle dea por ben realizadas e superadas as probas.

Respecto a estas alegacións cun contido semellante o órgano de selección adopta por unanimidade o seguinte **acordo**:

a) Compre recordar que aínda que os opositores teñen que coñecer as bases, antes do inicio da proba o presidente leu a todos os aspirantes a base VI das específicas sobre a primeira parte do segundo exercicio da oposición, probas de aptitude física que consistirá na realización de tres probas:

“1ª.—Subir e baixar a pulso unha corda lisa de sete metros sen axuda dos pes e sen impulso dende a posición de sentado, subindo sen deixar os pes tocando no chan. Descanso de 30 segundos.

2ª.—Pasar unha escaleira horizontal e sen soltarse realizar 12 flexións consecutivas no derradeiro chanzo da escaleira, brazos totalmente estendidos, coas palmas cara ao exterior, e deberá superar o queixo a barra; non se permite balanceo na realización das flexións. Descanso de 45 segundos.

3ª.—Executar 30 repeticións en press de banca con 45 kg, nun tempo inferior ou igual a 30 segundos, debendo executar o exercicio en cada unha das flexións tocando o peito coa barra e elevándoa á máxima extensión dos brazos.”

Os examinadores deron as mesmas instrucións a todos e cada un dos opositores, e mantiveron o mesmo criterio e o mesmo nivel de esixencia con todos eles. O presidente e os tres vogais estaban presentes na execución de cada un dos exercicios, xa que os aspirantes foron chamados de un en un, e ata o remate de un non daba comezo o seguinte. A cada aspirante individualmente repetíanselle as mesmas instrucións axustadas as bases de cada proba.

b) No que respecta ao exercicio de subir e baixar a pulso a corda: A execución deste exercicio foi esixente e rigorosa con todos os opositores. Unha vez que o aspirante arranca para executar o exercicio nin os pes, nin as pernas poden volver a tocar o chan ata o remate. A todos os aspirantes indicóuselles que tocaran o final da corda.

En canto a que na corda houbera unha cinta marcando a mesma, o órgano de selección considera que a mesma non entorpece a execución do exercicio e non supón perigo ningún. Por outra parte, os alegantes non foron dos primeiros aspirantes en subir a corda, observando como subían e baixaban os anteriores aspirantes, polo que puideron examinar a corda e a cinta en cuestión previamente dun xeito cercano, xa que cada un deles cando era chamado pola secretaria esperaba no espazo sito diante da corda para estar preparado ao rematar o anterior, polo que a cinta non foi ningún elemento sorpresivo. Cando cada aspirante era chamado para iniciar o seu exercicio falaba cos membros do tribunal sen traba de ningún tipo e ningún deles manifestou esta cuestión ata despois de que todos eles tiveran feito o exercicio. Reiterando o tribunal





CONCELLO DE VIGO

que a cinta en cuestión non é un elemento que en modo algún impida ou dificulte en nada a correcta realización desta proba, como acredita o feito de que foi superada por todos os aspirantes.

c) En canto á segunda proba, (escaleira horizontal) o alegado respecto da colocación das mans ao inicio non ten ningunha influencia a xuízo deste tribunal nunha proba destas características, na que o que se require é pasar unha escaleira horizontal, e sen soltarse realizar 12 flexións consecutivas no derradeiro chanzo da escaleira. De conformidade coas bases non se permitiu o balanceo a ningún dos opositores de xeito que as dominadas mal executadas por balanceo, non estender os brazos ou non superar co queixo a barra, non se contabilizaron. Nesta proba durante o tempo de descanso, xusto antes de pasar os 30 segundos, danse as voces “Listos” e “Ya” comezando nese momento a execución do exercicio.

Respecto á realización de cada unha das dominadas son os membros do tribunal os que valoran a correcta execución das mesmas. As dominadas mal executadas non se contabilizan, repetindo en voz alta, o membro do tribunal que está contando, o número da última dominada realizada correctamente. Non é o aspirante o que contabiliza, senón o tribunal. Compre insistir en que tanto o presidente como os tres vogais estiveron presentes e prestando a debida atención a todas as probas de todos os aspirantes. Velando en todo momento porque todos eles executasen as probas nas mesmas condicións de igualdade e seguridade, con estrito cumprimento das bases que regulan este proceso selectivo e demais normativa de aplicación.

d) No que atinxe as alegacións de que non se permitiu constar na acta as queixas dos alegantes sobre a realización dos exercicios ou sobre ameazas da secretaria, “amenazas de no reflejar nuestra quejas en el acta”, a secretaria informa ao órgano de selección que cando se acercaron uns opositores queixándose polas actitude incorrecta dalgúns dos asistentes segundo manifestaban, foi ela mesma a que lles indicou que recollería na acta a súa queixa, e que falaría con eles un pouco máis tarde xa que nese momento tiña que estar atenta as probas. Cando lle foi posible a secretaria chamou ao aspirante que anteriormente falara con ela e anotou a súa queixa e a dos que se sumaron a mesma, o que recolleu na acta do día 29 de novembro. Entón algúns opositores deste grupo comezaron a queixarse á secretaria da execución dos exercicios, ao que esta lle indicou que o procedente é a presentación de alegacións a través do rexistro xeral. Non cabe utilizar as explicacións da secretaria, que en todo momento escoitou as queixas dos opositores, como fundamento de esta alegación que emprega expresións como “amenazas de no reflejar nuestra quejas en el acta”. Indicar ao aspirantes cal é o procedemento axeitado non constitúe ningunha ameaza. A acta da sesión de 29 de novembro ten que reflectir o desenvolvemento do exercicio realizado ese día, e non é o documento para presentar alegacións. As bases prevén o procedemento de presentación de alegacións, e de feito todos os que alegan esta cuestión fan uso deste procedemento.





CONCELLO DE VIGO

Respecto a que lles imposibilitou comunicación co presidente do tribunal, informa a secretaria que algúns dos citados aspirantes, dixeron á secretaria que querían falar co presidente, ao que esta respondeu que non era o momento oportuno xa que estaba ocupado por mor da proba, sen que esta conversación se prolongase máis alá. Pero en ningún caso imposibilitouelles o acercamento ao Presidente, xa que non é esa a función da secretaria. Os alegantes non tiñan máis que esperar a que o presidente rematara e acercarse nese momento a falar con el. Como xa se indicou cada un dos opositores estivo en presenza do tribunal de un en un, podendo nese momento falar co presidente e con todos e cada un dos vogais, sen que houbera ningún impedimento para comunicarse cos mesmos. Os opositores foron tratados con todo respecto e consideración en todo momento, como non pode ser doutro xeito polos membros do órgano de selección polo que sorprenden este tipo de alegacións que non son acordes ao desenvolvemento dos feitos.

e) No que atinxe a situación de tensión producida por canto algúns asistentes portaban pancartas ofensivas e presionaban con comentarios e ameazas aos examinados, afectando isto ao resultado da proba.

Recollese na acta deste tribunal do día 29 de novembro de 2018 que “Antes de comenzo o chamamento dos opositores permítese o acceso a público as gradas do pavillón, algúns dos asistentes colgan dúas pancartas, nunha lese “Oposición Limpia Xa” e noutra “Tribunal isto cheira mal”; así mesmo algúns deles portan letreiros nos que se lee “Se vende plaza de bombeiro”.

Está presente a policía local tanto nas gradas coma no ximnasio. O Presidente informa aos membros do tribunal que deu instrucións concretas á policía para que se mantivera o orden durante a realización do exercicio, indicando que o público asistente non podía alterar o orden, grabar aos opositores, nin proferir gritos que puidesen molestar no desenvolvemento das probas. E para o caso, de que estas instrucións non se cumprisen, que se dera un primeiro aviso verbal sobre que non se molestase aos opositores e de persistir se ordenara o desaloxo.”

Non obstante, estes feitos non impediron o desenvolvemento dos exercicios coas debidas garantías. Este exercicio realizouse no ximnasio do Pavillón, un espazo suficientemente grande para que os opositores puideran estar separados do público da grada, e, no caso de que algún fora molestado podería apartarse o suficiente. Por outra parte, os exercicios execútanse no fondo do ximnasio, o espazo máis alonxado da grada, por canto é alí onde estaban situado os aparellos de ximnasia empregados nas probas.

Por outro lado, o expresado nas pancartas non parece dirixido aos opositores senón ao Tribunal cualificador.

No momento en que se percibe certo alboroto, o Presidente como se recolle na acta de 29 de novembro, acercase ao público asistente e solicítalle que respecte a execución dos exercicios polos opositores. Pero o órgano de





CONCELLO DE VIGO

selección non escoitou neste acto que se insultase ou ameazase a ningún aspirante.

Para garantir o orden, tendo en conta a actitude de algúns grupos en datas anteriores que presuntamente parecen querer enturbiar o proceso, o presidente solicitou a presenza da policía local e deu aos axentes instrucións claras para garantir a seguridade e o orden no proceso. Nesta sesión como xa se indicou, estaba presente a policía tanto nas gradas coma no ximnasio, xusto debaixo da grada.

Respecto da participación agresiva dun amplo grupo de opositores e bombeiros que veñen ameazando e amedrentando a opositores en redes sociais e aplicacións de mensaxería, actitudes que poden ser incluso constitutivas de delito, e que isto altera a igualdade entre opositores. Remitímonos ao xa exposto sobre esta cuestión. No Pavillón do Carme o tribunal non observou ningunha conduta agresiva, nin insultos nin ameazas. Non obstante, os membros do tribunal lamentan que puideran ter ocorrido os feitos referidos nas redes sociais, pero esta cuestión excede do ámbito de actuación do órgano de selección que en todo momento procurou garantir a seguridade dos opositores na realización de tódalas probas. Por outra parte, contra o que afirman os alegantes, as pancartas e carteis contra o tribunal ou manifestacións en medios de comunicación, en ningún momento amedrentaron a este órgano que mantivo a obxectividade en todo momento deixando ao marxe estas cuestións. Non obstante, estas actitudes deben ser cualificadas como inaceptables e irrespectuosas, pero non condicionaron e desenvolvemento do procedemento selectivo, nin impediron na celebración de ningún dos exercicios que os opositores actuarán en condicións de igualdade.

En base ao exposto desestímase estas alegacións.

2.- Alegacións á segunda parte do segundo exercicio, probas de aptitude física realizadas o 30 de novembro nas pistas municipais de atletismo .

Antonio Serrano López (doc 180193636), Santiago Arnejo Casnova (doc 180193630), Victor José Rodríguez Álvarez (doc 180193758) e Diego Barciela Corujeira (doc 180193675), presentan distintas alegacións respecto da carreira de 200 m con carga de 30k celebrada en data 30 de novembro nas pistas Municipais de Balaidos, nas que solicitan a eliminación do aspirante que correu co dorsal número 99 porque entenden que non realizou o exercicio correctamente, (aportan fotografías, pen drive e cd). O órgano de selección reiterase no seu acordo de data 30 de novembro segundo consta recollido na acta de dita sesión. “- Cristian Estévez Enríquez moveu o cono situado na liña de saída dos 100 m coa asa do saco despois de sortear o indicado elemento e superar a liña de 100 m, polo que o xuíz que estaba na liña de 100 m e o órgano de selección entenden que completou o percorrido.”





CONCELLO DE VIGO

A maiores, sinalar que na propia foto aportada por un dos alegantes vese que o opositor sorteia o cono. O corpo do aspirante non tivo ningún contacto co corpo xeométrico, senón que tocou o elemento coa asa do saco (indicar que esta asa é bastante larga, aproximadamente uns 30 cm). Nas bases específicas que regulan esta proba non se penaliza o tocar o corpo xeométrico como ocorre na proba de axilidade, na que *“Considerase nulo ... cando se derrube ou despraze algún dos valos ou elementos que constitúan o circuito...”*, por canto a finalidade do elemento xeométrico é asegurar que o recorrido non é inferior aos 200 m. De considerarse nulo o exercicio por tocar o elemento xeométrico que marca os 100 m, esta penalización tería sido recollido nas base como ocorre na proba de axilidade.

En base ao exposto desestímense estas alegacións.

3.- Alegacións proba de natación realizadas o 2 de decembro na Piscina Municipal na rúa do Carme.

Christian Valverde Ríos (doc. 180195329) Alega que “he podido estudar con detenimento a proba de natación en la que participé, utilizando varios equipos reprodutores y verificando que la sincronía temporal del video era correcta, comprobando que tanto la toma de tiempos registrada para el opositor identificado con el código 5528 como para mi, difieren del tempo real en una diferencia de entre 1 segundo y un 1,2 segundos, lo que forzaría, en mi caso, a modificar mi registro con la diferencia mencionada.

Aporto grabación del vídeo del dispositivo de almacenamiento de datos externa (pen drive) para su verificación” Solicita se lle modifique o tempo e a puntuación final.

O órgano de selección desestima esta alegación por canto para evitar este tipo de cuestións contouse con especialistas na cronometraxe de probas de natación, sendo a proba cronometrada por persoal especializado como son os a cronometradores do Comité Galego de Árbitros da da Federación Galega de Natación.

4.- Alegacións proba de acceso a coche escaleira realizadas o 3 de decembro no Parque Central de Teis.

Jacobo Alvarez Moreira (doc 180194613 e doc 180193816)

O órgano de selección estima que o exercicio estivo mal executado dende o principio sen que caiba botarlle a culpa ao sistema de seguridade. En ascenso, o sistema de seguridade non se bloquea, cando o opositor chegou ao final da escaleira tíñase contabilizado un tempo por riba da metade do tempo establecido para a execución total da proba, observándose que no ascenso o aspirante detívose en varias ocasións, polo que dificilmente podería completar





CONCELLO DE VIGO

o exercicio en tempo, xa que nesta proba o descenso é moito máis lento que o ascenso. As condicións de execución foron iguais para todos os aspirantes, e todos completaron o exercicio salvo o alegante que superou notablemente o tempo de execución, 22 segundos por riba do tempo fixado. En base ao exposto desestímase esta alegación.

5.- Solicitudes de acceso ao expediente:

Nas datas que se indican foron presentadas as solicitudes que de seguido se relacionan nas que se interesa o acceso ao expediente da oposición, e que se suspenda o prazo para interpoñer reclamacións ata que se produza o acceso, así mesmo, solicítase que se identifique ás autoridades e persoal baixo cuxa responsabilidade se tramita o procedemento e que se adopte a medida cautelar de suspensión do proceso selectivo para impedir prexuízos irreparables.

Doc.	Data	NOME
180190444	28/11/2018	ALONSO NOVOA DIEGO
180190617	28/11/2018	BEIRO ABALLE ALEXANDRE
180190590	28/11/2018	BROULLÓN DURÁN GONZALO
180190620	28/11/2018	BRUZÓN BANDEIRA CAROLINA
180190655	28/11/2018	CASTIÑEIRA ALONSO PABLO
180183638	08/11/2018	COMESAÑA MARTÍNEZ BRAIS
180190610	28/11/2018	CORBACHO RODRÍGUEZ ADRIÁN
180190596	28/11/2018	CRUZ RÍOS AARÓN
180190625	28/11/2018	FERRAZ CASTIÑEIRAS RODRIGO
180190390	28/11/2018	LAMEIRO COUTO CARLOS
180195326	07/12/2018	LÓPEZ FERNÁNDEZ ALEJANDRO
180190386	28/11/2018	LORENZO RODRÍGUEZ JUAN MANUEL
180190600	28/11/2018	MARTÍNEZ GONZÁLEZ ISMAEL
180190603	28/11/2018	MARTÍNEZ VILA ÓSCAR
180190629	28/11/2018	MOLEDO FILGUEIRA ALEJANDRO
180190630	28/11/2018	PAZOS SOTELO CÁNDIDO
180190388	28/11/2018	PÉREZ CORREA ALEXANDRE
180190598	28/11/2018	PÉREZ LORENZO DANIEL
180190389	28/11/2018	PRIETO ARAUJO MARCOS
180190396	28/11/2018	REDONDO RAFALES HUGO
180190614	28/11/2018	RÍOS GARCÍA FRANCISCO BORJA





CONCELLO DE VIGO

Doc.	Data	NOME
180191413	29/11/2018	ROBLES GARCÍA ADALBERTO (orve)
180191465	28/11/2018	ROCA GONZÁLEZ ADRIÁN (orve)
180191462	29/11/2018	RODRÍGUEZ VIDAL DANIEL (orve)
180191395	29/11/2018	SÁNCHEZ SÁNCHEZ ANXO (orve)
180191469	29/11/2018	VEGA BENÍTEZ JOSE (orve)
180190636	28/11/2018	VELASCO FERREIRÓS HÉCTOR

No tocante á solicitude de acceso ao expediente e que se suspenda o prazo para interpoñer reclamacións ata que se produza o acceso, todos os solicitantes manifestan en escrito de alegacións presentado no rexistro de entrada do Concello en data 07-12-2018 (doc. 180195344), "*Que con fecha 4 de decembro de 2018, se nos dio acceso al expediente del PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA LA PROVISIÓN DE 10 PLAZAS DE BOMBERO DE LAS OFERTAS DE EMPLEO PÚBLICO 2014, 2015 Y 2016 DEL CONCELLO DE VIGO SOBRE ALEGACIONES AL PRIMER EJERCICIO (TEST)*".

No que atinxe á identificación das autoridades e persoal ao servizo do Concello de Vigo baixo cuxa responsabilidade de tramita o procedemento, remitímonos ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 192 de 4 de outubro de 2018 no que se publica o acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de outubro de 2018, no que entre outros, designa aos membros dos órganos de selección.

Así mesmo, o tribunal acorda que non procede adoptar a medida cautelar de suspensión do proceso selectivo para impedir prexuízos irreparables, en base aos principios de celeridade e de economía procedimental, por canto as alegacións que presentaron os solicitantes ao primeiro exercicio da oposición, foron resoltas polo órgano de selección e publicado o correspondente anuncio.

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local ou calquera outro que teña por conveniente.

